



Copia

ROGO PARA A INSTALACION DA SINALIZACION QUE FACILITE O ACCESO E LOCALIZACION DO COLEXIO DE EDUCACION ESPECIAL DA BARCIA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Colexio de Educación Especial da Barcia, na parroquia de Laraño, é un centro de referencia na atención das necesidades educativas e asistenciais do noso Concello, que na actualidade presta servizo a preto de medio cento de estudantes con diverso grao de discapacidade.

O seu principal acceso faise desde a rotonda da estrada AC-543 no lugar de Lamas, a través da estrada que comunica co Pedrido e Carballal. Nesa rotonda existe un sinal informativo de grandes dimensión que indica a dirección dese Colexio, pero a partir dese lugar non existe ningunha outra indicación que sinale o camiño a seguir, polo que se fai complicado, para as persoas que non coñezan a zona, dar con el.

Entendemos que, como mínimo, sería necesario colocar unha indicación no lugar de Piñeiro, onde é preciso desviarse da vía principal, co que se facilitaría o acceso.

Tendo en conta estas circunstancias, preséntase o seguinte **ROGO**:

Que o Goberno local faga as xestións precisas para a instalación dos sinais indicadores que se consideren necesarios para facilitar o acceso e localización do Colexio de Educación Especial da Barcia, dándolle continuidade á información que ofrece o sinal existente na rotonda da estrada AC-543 á altura do p.k. 1,8 en Laraño.

Santiago de Compostela, a 3 de novembro de 2016.

María José Castro Carballal
Concelleira do Grupo Municipal Popular